



D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 04-10-2021, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESES E NOMEAMENTO MEMBROS XGL

EXPEDIENTE: 2021/G003/001105

Celebradas as eleccións locais no ano 2019 e constituída a nova Corporación, mediante Resolución desta Alcaldía do 3 de xullo (522/2019), constituíuse a Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), recoñece a esta Entidade.

Considerando que a labor do goberno municipal ten que descansar sobre os principios de cooperación, lealdade e coherencia, e que o paso do tempo constatou unha perda de confianza nalgúns dos/as concelleiros e concelleiras que conforman na actualidade a Xunta de Goberno Local.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 5.3, 6, 7 e 10 do ROM, artigos 21.3 e 23.2.b) da LRBRL, artigos 43 e 44 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións coas limitacións establecidas nos artigos citados.



En virtude do exposto e no uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Teo, os/as seguintes concelleiros/as:

DONA UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA

DON ROBERTO MOÑINO GIL

DONA M^a JOSEFA ARGIBAY DA SILVA

Segundo.- Nomear como novo membro da Xunta de Goberno Local ao concelleiro DON XOSÉ IGNACIO IGLESIAS VILLAR, quedando así constituída por este Alcalde e tres concelleiros/as.

Terceiro.- Manter a delegación das atribucións da Alcaldía actualmente vixentes na Xunta de Goberno Local e a periodicidade das súas sesións.

Cuarto.- O presente Decreto terá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar aos membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, luns 4 de outubro de 2021.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz